



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

X lexislatura
Número 582
27 de decembro de 2019



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

■ Asignación a unha comisión do Proxecto de lei de ordenación do territorio de Galicia [191512](#)

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

1.1.2.1.6. Proposicións de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados

■ 60171 (10/PPLC-000019)

Grupo Parlamentario Mixto

Proposición de lei de modificación da Lei 9/2014, do 9 de maio, xeral de telecomunicacións, para a mellora do acceso á rede no rural de Galicia, para a súa elevación ao Congreso dos Deputados [191520](#)

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO

Aprobación sen modificacións

■ 59460 (10/PNC-004747)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín e cinco deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central respecto da aplicación e do alcance da obrigatoriedade do rexistro horario da xornada laboral a bordo dos buques pesqueiros, así como no sector marítimo-pesqueiro [191513](#)

Aprobación por unanimidade sen modificacións

■ 41623 (10/PNC-003392)

Grupo Parlamentario de En Marea

Miranda Pena, Flora María e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre a execución por parte do Goberno galego, logo do acordo cos profesionais que utilizan as instalacións, das melloras necesarias para dignificar a situación do peirao de Portosín, no concello de Porto do Son [191514](#)



1.4. Procedementos de información

1.4.5. Respostas a preguntas

I 60075 - 41777 (10/PRE-012167)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Pierres López, María Luisa

Sobre o estado actual da actuación denominada Variante da Fonsagrada, prevista no Plan MOVE 2009-2015, a valoración da Xunta de Galicia en relación co cumprimento do prazo establecido para o seu remate e as súas intencións respecto do mantemento do investimento inicialmente previsto para a súa execución [191528](#)

I 60148 - 41778 (10/PRE-012168)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Pierres López, María Luisa

Sobre o estado actual da actuación denominada Conexión do Porto Seco de Monforte coa estrada LU-546, prevista no Plan MOVE 2009-2015, a valoración da Xunta de Galicia en relación co cumprimento do prazo establecido para o seu remate e as súas intencións respecto do mantemento do investimento inicialmente previsto para a súa execución [191531](#)

I 60074 - 41797 (10/PRE-012180)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis

Sobre o estado actual da actuación denominada Variante da Silva, prevista no Plan MOVE 2009-2015, a valoración da Xunta de Galicia en relación co cumprimento do prazo establecido para o seu remate e as súas intencións respecto do mantemento do investimento inicialmente previsto para a súa execución [191534](#)

I 60151 - 36923 (10/PRE-012694)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as medidas que está a estudar ou a levar a cabo a Xunta de Galicia para avanzar na modernización, na coordinación e na mellora da cobertura territorial do Sistema galego de emerxencias [191537](#)

I 60150 - 39030 (10/PRE-012884)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da continuidade dos grupos de emerxencia supramunicipal e o asinamento dos convenios para o seu financiamento e funcionamento [191540](#)

I 60149 - 39984 (10/PRE-012964)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 3 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da recuperación do carácter público dos medios de emerxencias para a súa xestión directa e a súa integración funcional, favorecendo a implementación efectiva do Mapa de emerxencias de Galicia [191542](#)



I 60078 - 42245 (10/PRE-015157)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel e 3 máis**

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia respecto do cumprimento do horizonte temporal establecido no ano 2020 en relación coa actuación denominada variante da Fonsagrada, dentro do Programa de vías de altas prestacións [191545](#)

I 60081 - 42246 (10/PRE-015158)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel e 3 máis**

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia respecto do cumprimento do horizonte temporal establecido no ano 2020 en relación coa actuación denominada variante da Fonsagrada, dentro do Programa de vías de altas prestacións [191548](#)

I 60072 - 42255 (10/PRE-015167)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis**

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia respecto do cumprimento do horizonte temporal establecido no ano 2020 en relación coa actuación denominada variante da Silva, dentro do Programa de vías de altas prestacións [191551](#)

I 60144 - 43514 (10/PRE-015366)**Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis e 2 máis**

Sobre as actividades de inspección e control en materia de seguridade desenvoltas pola Xunta de Galicia na edición de 2018 do festival do Marisquiño [191554](#)

I 60143 - 43515 (10/PRE-015367)**Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis e 2 máis**

Sobre a posta en coñecemento da Axencia Galega de Emerxencias do acontecido no festival do Marisquiño na madrugada do 13 de agosto de 2018 [191556](#)

I 60146 - 43172 (10/PRE-016229)**Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis e 2 máis**

Sobre as actuacións de inspección e control desenvolvidas pola Xunta de Galicia en relación co festival do Marisquiño na súa edición de 2018 para verificar o cumprimento da normativa vixente, en especial en materia de seguridade [191558](#)

I 60145 - 43173 (10/PRE-016230)**Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis e 2 máis**

Sobre a posta en coñecemento da Axencia Galega de Emerxencias, por algún servizo dependente do Concello de Vigo ou por algunha administración ou institución pública, do acontecido na madrugada do 13 de agosto de 2018 no festival do Marisquiño [191560](#)



I 60080 - 42204 (10/PRE-016342)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel e Pierres López, María Luisa**

Sobre a situación da actuación denominada variante da Fonsagrada dentro do Programa de vías de altas prestacións [191562](#)

I 60082 - 42205 (10/PRE-016343)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel e Pierres López, María Luisa**

Sobre a situación da actuación denominada conexión do Porto Seco de Monforte de Lemos coa estrada LU-546, dentro do Programa de vías de altas prestacións [191565](#)

I 60079 - 42237 (10/PRE-016354)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis**

Sobre o estado da actuación denominada variante da Silva, dentro do Programa de vías de altas prestacións [191568](#)

I 60071 - 42656 (10/PRE-016368)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis**

Sobre o estado actual da actuación denominada Área Metropolitana de Santiago de Compostela - Duplicación da calzada da AC-522 (As Galanas -Pardiñas) e a valoración pola Xunta de Galicia do cumprimento do horizonte temporal no ano 2017 [191571](#)

I 60147 - 42889 (10/PRE-016391)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis**

Sobre o estado actual da actuación denominada VAP PLISAN-Portugal (nova ponte internacional) prevista no Plan MOVE 2009-2015, a valoración da Xunta de Galicia en relación co cumprimento do prazo establecido para o seu remate e as súas intencións respecto do mantemento do investimento inicialmente previsto para a súa execución [191574](#)

I 60070 - 56375 (10/PRE-017750)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña**

Sobre o estado actual da actuación denominada variante da Silva, prevista no Programa de vías de altas prestacións cun investimento de 5.700.000 euros e un horizonte temporal no ano 2020, a valoración da Xunta de Galicia en relación co cumprimento do prazo establecido para o seu remate e as súas intencións respecto do mantemento do investimento inicialmente previsto para a súa execución [191577](#)

I 60069 - 56724 (10/PRE-017784)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis**

Sobre o estado actual das actuación denominada variante da Fonsagrada, prevista no Programa de vías de altas prestacións cun investimento de 10.675.000 euros e un horizonte temporal no ano



2020, a valoración da Xunta de Galicia en relación co cumprimento do prazo establecido para o seu remate, e as súas intencións respecto do mantemento do investimento inicialmente previsto para a execución desta [191580](#)

I 60142 - 56725 (10/PRE-017785)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis

Sobre o estado actual das actuación denominada conexión do porto seco de Monforte coa estrada LU-546, prevista no Programa de vías de altas prestacións cun investimento de 8.845.000 euros e un horizonte temporal no ano 2015, a valoración da Xunta de Galicia en relación co cumprimento do prazo establecido para o seu remate, e as súas intencións respecto do mantemento do investimento inicialmente previsto para a execución desta [191583](#)

I 60158 - 57743 (10/PRE-017881)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis

Sobre o estado actual da actuación denominada VAP Plisán-Portugal (nova ponte internacional), prevista no Programa de vías de altas prestacións cun investimento de 15.981.000 euros e un horizonte temporal no ano 2020, a valoración da Xunta de Galicia en relación co cumprimento do prazo establecido para o seu remate e as súas intencións respecto do mantemento do investimento inicialmente previsto para a súa execución [191586](#)

I 60068 - 58029 (10/PRE-017912)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 2 máis

Sobre o número total de vivendas de protección pública executadas, cualificadas definitivamente e postas á disposición do Rexistro Único de Demandantes de Vivenda de Galicia durante os anos 2016, 2017, 2018 e o primeiro semestre de 2019 en cada concello de Galicia, así como a opinión do Goberno galego respecto da cobertura da demanda existente co nivel de execución acadado [191589](#)

I 60157 - 58512 (10/PRE-018027)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Pierres López, María Luisa

Sobre as demoras que se están a producir na tramitación da documentación necesaria para a substitución dun vehículo adscrito a unha licenza de taxi, a posible existencia dalgún problema na plataforma informática utilizada para ese fin e a realización polo Goberno galego dalgunha avaliación da implementación do procedemento coordinado previsto para ese fin no Decreto 103/2018 desde a súa publicación [191591](#)

I 60141 - 58823 (10/PRE-018042)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Solla Fernández, Eva

Sobre as listas de espera existentes nos servizos de pediatría dos hospitais de Ourense, Verín e O Barco e as medidas previstas polo Goberno galego para garantir unha atención pediátrica de calidade na provincia de Ourense [191594](#)



I 60140 - 59113 (10/PRE-018063)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Rodríguez, Patricia e 2 máis**

Sobre os prazos que está a manexar a Xunta de Galicia para a construción da nova depuradora de augas residuais de Burela e a súa opinión respecto da existencia con eles dalgún risco de perda dos fondos europeos previstos para ese fin [191596](#)

I 60139 - 59258 (10/PRE-018075)**Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda****Solla Fernández, Eva**

Sobre a opinión do Goberno galego referida á calidade da asistencia sanitaria que se está a prestar na unidade de medicina interna do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, as razóns do incumprimento das ratios recomendadas e do mantemento dunha precariedade estrutural na contratación do Sergas, así como respecto das súas previsións sobre a dotación desa unidade cos recursos humanos e materiais demandados polo persoal [191599](#)

1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos**1.5.1. De ámbito autonómico galego****1.5.1.2. Consello de Contas****1.5.1.2.2. Plan anual de traballo**

I Resolución da Presidencia, do 23 de decembro de 2019, pola que se toma coñecemento do Plan anual de traballo para o ano 2020 remitido polo Consello de Contas de Galicia (doc. núm. 60307; 10/CPAT-000004) [191602](#)

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento**2.2. Composición do Parlamento e dos seus órganos****2.2.6. Composición da Mesa das comisións****COMISIÓN NON PERMANENTE DE ESTUDO PARA A IGUALDADE E PARA OS DEREITOS DAS MULLERES**

I Elección da vicepresidenta da Comisión [191519](#)



1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

A Mesa do Parlamento, na reunión do 19 de decembro de 2019, adoptou o seguinte acordo:

Asignación á Comisión polo procedemento ordinario

- 60034 (10/PL-000021)

Presidencia da Xunta de Galicia

Proxecto de lei de ordenación do territorio de Galicia

BOPG nº 578, do 17.12.2019

1º. Asignar o Proxecto de lei de ordenación do Territorio de Galicia á Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.

2º. Dar conta do acordo da Mesa á Xunta de Portavoces na próxima reunión que teña lugar.

3º. Notificar o acordo á Mesa da Comisión e aos portavoces dos grupos parlamentarios.

4º. Publicar o acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 19 de decembro de 2019

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

1.1.2.1.6. Proposicións de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 19 de decembro de 2019, adoptou o seguinte acordo:

Admisión a trámite

- 60171 (10/PPLC-000019)

Grupo Parlamentario Mixto

Proposición de lei de modificación da Lei 9/2014, do 9 de maio, xeral de telecomunicacións, para a mellora do acceso á rede no rural de Galicia, para a súa elevación ao Congreso dos Deputados

A Mesa toma coñecemento da referida iniciativa e, dado que vén presentada nos termos previstos no artigo 122 do Regulamento da Cámara, acorda:



1º. Admitir a trámite a Proposición de lei de modificación da Lei 9/2014, do 9 de maio, xeral de telecomunicacións, para a mellora do acceso á rede no rural de Galicia, para a súa elevación ao Congreso dos Deputados.

2º. Dispoñer o seu traslado á Xunta de Galicia para que emita o informe previsto no artigo 7 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, e para que manifeste o seu criterio e a súa conformidade respecto da súa tramitación nos termos previstos no artigo 123.2 do Regulamento.

3º. Ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 19 de decembro de 2019
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO

A Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, na súa sesión do 20 de decembro de 2019, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación sen modificacións

- 59460 (10/PNC-004747)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín e cinco deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central respecto da aplicación e do alcance da obrigatoriedade do rexistro horario da xornada laboral a bordo dos buques pesqueiros, así como no sector marítimo-pesqueiro

BOPG nº 572, do 04.12.2019

Sométese a votación separada por puntos e resulta aprobada sen modificacións; punto primeiro, aprobado pola unanimidade dos 11 deputados e deputadas presentes con dereito a voto; punto segundo, aprobado por 7 votos a favor, 0 votos en contra e 4 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno do Estado:

1. A aclaración sobre a aplicación e alcance da obrigatoriedade do rexistro diario da xornada a bordo dos buques pesqueiros.



2. Adecuar, tendo en conta as peculiaridades laborais do sector pesqueiro, ou mesmo eliminar, esta norma para o sector marítimo-pesqueiro con base na súa posible inviabilidade de aplicación.»

Aprobación por unanimidade sen modificacións

- 41623 (10/PNC-003392)

Grupo Parlamentario de En Marea

Miranda Pena, Flora María e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre a execución por parte do Goberno galego, logo do acordo cos profesionais que utilizan as instalacións, das melloras necesarias para dignificar a situación do peirao de Portosín, no concello de Porto do Son

BOPG nº 400, do 18.12.2018

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 11 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a realizar de inmediato as melloras necesarias para dignificar a situación do peirao de Portosín, logo de acordalas cos profesionais que utilizan a instalación.»

Santiago de Compostela, 20 de decembro de 2019

Eva Solla Fernández

Vicepresidenta 2ª

1.4. Procedementos de información

1.4.5. Respostas a preguntas

A Mesa do Parlamento, na súa reunión do día 19 de decembro de 2019, tivo coñecemento das respostas da Xunta de Galicia ás seguintes preguntas con resposta escrita:

Coñecemento da resposta, remisión aos deputados e publicación

- 60075 - 41777 (10/PRE-012167)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Pierres López, María Luisa

Sobre o estado actual da actuación denominada Variante da Fonsagrada, prevista no Plan MOVE 2009-2015, a valoración da Xunta de Galicia en relación co cumprimento do prazo establecido para o seu remate e as súas intencións respecto do mantemento do investimento inicialmente previsto para a súa execución

- 60148 - 41778 (10/PRE-012168)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Pierres López, María Luisa

Sobre o estado actual da actuación denominada Conexión do Porto Seco de Monforte coa estrada LU-546, prevista no Plan MOVE 2009-2015, a valoración da Xunta de Galicia en relación co cumpri-



mento do prazo establecido para o seu remate e as súas intencións respecto do mantemento do investimento inicialmente previsto para a súa execución

- 60074 - 41797 (10/PRE-012180)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis

Sobre o estado actual da actuación denominada Variante da Silva, prevista no Plan MOVE 2009-2015, a valoración da Xunta de Galicia en relación co cumprimento do prazo establecido para o seu remate e as súas intencións respecto do mantemento do investimento inicialmente previsto para a súa execución

- 60151 - 36923 (10/PRE-012694)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as medidas que está a estudar ou a levar a cabo a Xunta de Galicia para avanzar na modernización, na coordinación e na mellora da cobertura territorial do Sistema galego de emerxencias

- 60150 - 39030 (10/PRE-012884)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da continuidade dos grupos de emerxencia supramunicipal e o asinamento dos convenios para o seu financiamento e funcionamento

- 60149 - 39984 (10/PRE-012964)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 3 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da recuperación do carácter público dos medios de emerxencias para a súa xestión directa e a súa integración funcional, favorecendo a implementación efectiva do Mapa de emerxencias de Galicia

- 60078 - 42245 (10/PRE-015157)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 3 máis

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia respecto do cumprimento do horizonte temporal establecido no ano 2020 en relación coa actuación denominada variante da Fonsagrada, dentro do Programa de vías de altas prestacións

- 60081 - 42246 (10/PRE-015158)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 3 máis

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia respecto do cumprimento do horizonte temporal establecido no ano 2020 en relación coa actuación denominada variante da Fonsagrada, dentro do Programa de vías de altas prestacións

- 60072 - 42255 (10/PRE-015167)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis



Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia respecto do cumprimento do horizonte temporal establecido no ano 2020 en relación coa actuación denominada variante da Silva, dentro do Programa de vías de altas prestacións

- 60144 - 43514 (10/PRE-015366)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 2 máis

Sobre as actividades de inspección e control en materia de seguridade desenvoltas pola Xunta de Galicia na edición de 2018 do festival do Marisquiño

- 60143 - 43515 (10/PRE-015367)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 2 máis

Sobre a posta en coñecemento da Axencia Galega de Emerxencias do acontecido no festival do Marisquiño na madrugada do 13 de agosto de 2018

- 60146 - 43172 (10/PRE-016229)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 2 máis

Sobre as actuacións de inspección e control desenvolvidas pola Xunta de Galicia en relación co festival do Marisquiño na súa edición de 2018 para verificar o cumprimento da normativa vixente, en especial en materia de seguridade

- 60145 - 43173 (10/PRE-016230)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 2 máis

Sobre a posta en coñecemento da Axencia Galega de Emerxencias, por algún servizo dependente do Concello de Vigo ou por algunha administración ou institución pública, do acontecido na madrugada do 13 de agosto de 2018 no festival do Marisquiño

- 60080 - 42204 (10/PRE-016342)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Pierres López, María Luisa

Sobre a situación da actuación denominada variante da Fonsagrada dentro do Programa de vías de altas prestacións

- 60082 - 42205 (10/PRE-016343)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Pierres López, María Luisa

Sobre a situación da actuación denominada conexión do Porto Seco de Monforte de Lemos coa estrada LU-546, dentro do Programa de vías de altas prestacións

- 60079 - 42237 (10/PRE-016354)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis



Sobre o estado da actuación denominada variante da Silva, dentro do Programa de vías de altas prestacións

- 60071 - 42656 (10/PRE-016368)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis

Sobre o estado actual da actuación denominada Área Metropolitana de Santiago de Compostela - Duplicación da calzada da AC-522 (As Galanas -Pardiñas) e a valoración pola Xunta de Galicia do cumprimento do horizonte temporal no ano 2017

- 60147 - 42889 (10/PRE-016391)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis

Sobre o estado actual da actuación denominada VAP PLISAN-Portugal (nova ponte internacional) prevista no Plan MOVE 2009-2015, a valoración da Xunta de Galicia en relación co cumprimento do prazo establecido para o seu remate e as súas intencións respecto do mantemento do investimento inicialmente previsto para a súa execución

- 60070 - 56375 (10/PRE-017750)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre o estado actual da actuación denominada variante da Silva, prevista no Programa de vías de altas prestacións cun investimento de 5.700.000 euros e un horizonte temporal no ano 2020, a valoración da Xunta de Galicia en relación co cumprimento do prazo establecido para o seu remate e as súas intencións respecto do mantemento do investimento inicialmente previsto para a súa execución

- 60069 - 56724 (10/PRE-017784)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis

Sobre o estado actual das actuación denominada variante da Fonsagrada, prevista no Programa de vías de altas prestacións cun investimento de 10.675.000 euros e un horizonte temporal no ano 2020, a valoración da Xunta de Galicia en relación co cumprimento do prazo establecido para o seu remate, e as súas intencións respecto do mantemento do investimento inicialmente previsto para a execución desta

- 60142 - 56725 (10/PRE-017785)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis

Sobre o estado actual das actuación denominada conexión do porto seco de Monforte coa estrada LU-546, prevista no Programa de vías de altas prestacións cun investimento de 8.845.000 euros e un horizonte temporal no ano 2015, a valoración da Xunta de Galicia en relación co cumprimento do prazo establecido para o seu remate, e as súas intencións respecto do mantemento do investimento inicialmente previsto para a execución desta

- 60158 - 57743 (10/PRE-017881)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis



Sobre o estado actual da actuación denominada VAP Plisán-Portugal (nova ponte internacional), prevista no Programa de vías de altas prestacións cun investimento de 15.981.000 euros e un horizonte temporal no ano 2020, a valoración da Xunta de Galicia en relación co cumprimento do prazo establecido para o seu remate e as súas intencións respecto do mantemento do investimento inicialmente previsto para a súa execución

- 60068 - 58029 (10/PRE-017912)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 2 máis

Sobre o número total de vivendas de protección pública executadas, cualificadas definitivamente e postas á disposición do Rexistro Único de Demandantes de Vivenda de Galicia durante os anos 2016, 2017, 2018 e o primeiro semestre de 2019 en cada concello de Galicia, así como a opinión do Goberno galego respecto da cobertura da demanda existente co nivel de execución acadado

- 60157 - 58512 (10/PRE-018027)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Pierres López, María Luisa

Sobre as demoras que se están a producir na tramitación da documentación necesaria para a substitución dun vehículo adscrito a unha licenza de taxi, a posible existencia dalgún problema na plataforma informática utilizada para ese fin e a realización polo Goberno galego dalgunha avaliación da implementación do procedemento coordinado previsto para ese fin no Decreto 103/2018 desde a súa publicación

- 60141 - 58823 (10/PRE-018042)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Solla Fernández, Eva

Sobre as listas de espera existentes nos servizos de pediatría dos hospitais de Ourense, Verín e O Barco e as medidas previstas polo Goberno galego para garantir unha atención pediátrica de calidade na provincia de Ourense

- 60140 - 59113 (10/PRE-018063)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e 2 máis

Sobre os prazos que está a manexar a Xunta de Galicia para a construción da nova depuradora de augas residuais de Burela e a súa opinión respecto da existencia con eles dalgún risco de perda dos fondos europeos previstos para ese fin

- 60139 - 59258 (10/PRE-018075)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Solla Fernández, Eva

Sobre a opinión do Goberno galego referida á calidade da asistencia sanitaria que se está a prestar na unidade de medicina interna do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, as razóns do incumprimento das ratios recomendadas e do mantemento dunha precariedade estrutural na contratación do Sergas, así como respecto das súas previsións sobre a dotación desa unidade cos recursos humanos e materiais demandados polo persoal

Santiago de Compostela, 19 de decembro de 2019

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º



1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos

1.5.1. De ámbito autonómico galego

1.5.1.2. Consello de Contas

1.5.1.2.2. Plan anual de traballo

Resolución da Presidencia, do 23 de decembro de 2019, pola que se toma coñecemento do Plan anual de traballo para o ano 2020 remitido polo Consello de Contas de Galicia (doc. núm. 60307; 10/CPAT-000004).

Logo de examinado o documento núm. 60307, do Consello de Contas de Galicia, polo que remite o Plan anual de traballo para o ano 2020, a Presidencia, dado que se cumpren os requisitos legais exixidos, en uso da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento na Presidencia da Cámara (Acordo da Mesa do Parlamento do 31 de outubro de 2016, publicado no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 9, do 8 de novembro de 2016), resolve:

- 1º. Tomar coñecemento do Plan anual de traballo do Consello de Contas para o ano 2020.
- 2º. Dar traslado á Comisión permanente non lexislativa para as relacións co Consello de Contas.
- 3º. Publicar o Plan de traballo do Consello de Contas para o ano 2020.
- 4º. Dar conta desta Resolución na próxima reunión da Mesa do Parlamento que teña se produza.

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2019
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.2. Composición do Parlamento e dos seus órganos

2.2.6. Composición da Mesa das comisións

COMISIÓN NON PERMANENTE DE ESTUDO PARA A IGUALDADE E PARA OS DEREITOS DAS MULLERES

Elección da vicepresidenta da Comisión

A Comisión non permanente de estudo para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres, na súa sesión do día 20 de decembro de 2019, adoptou os seguintes acordos:

- 813 (10/CEEM-000050)

Comisión non permanente de estudo para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres
Elección da vicepresidencia da Comisión

Vicepresidenta: dona María Luisa Pierres López

Santiago de Compostela, 20 de decembro de 2019
Eva Solla Fernández
Vicepresidenta 2ª



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Mixto**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 163 do Regulamento do Parlamento de Galicia, presenta a seguinte **Proposición de lei de modificación da Lei 9/2014, do 9 de maio, xeral de telecomunicacións, para a mellora do acceso á rede no rural de Galicia**, para a súa elevación ao Congreso dos Deputados, conforme ao artigo 87.2 da Constitución.

Exposición de Motivos:

A rede modificou dun xeito real as nosas vidas. O que non está na rede semella que non existe. Hoxe todo se publicita a través da rede, e é un medio de comunicación instantáneo que nos permite saber o que pasa máis aló das nosas fronteiras.

A conexión de rede permite innovar, crear e abrir novas vías de negocio. O desenvolvemento de aplicacións neste sentido permiten a expansión no comercio de áreas e territorios que antes esmorecían. Desde logo, a conexión a rede e unha boa infraestrutura permitiron o acceso e a ampliación de negocios e proxectos que doutra forma non tiñan visibilidade.

Di a Valedora do Pobo no seu informe anual do ano 2018, que o acceso á telefonía móbil non ten a consideración de servizo universal.

Algo tan básico como ter teléfono fixo ou móbil para poder concertar un servizo de teleasistencia vólvese nos núcleos rurais unha odisea. O funcionamento de internet e de telefonía é deficiente. Hai problemas de cobertura tanto na telefonía móbil como na fixa. Ademais, non hai banda larga nestes núcleos pequenos e diseminados de poboación que, na maior parte dos casos, non contan con rede ou o seu prezo é excesivo, ou non hai cobertura de fibra óptica polo que o acceso á



rede é bastante limitado nos núcleos de poboación dispersos e pouco poboados de Galicia.

Estas conexións de rede facilitan a estes núcleos e as persoas que neles residen unha expansión dos negocios que neles se creen e das interaccións co resto dos sectores produtivos que se creen a partir destes. Todo elo permite a xeración dun tecido económico que redunda en beneficio do núcleo de poboación, que se incrementa a partir deste negocio ou idea primixenia. Por iso é importante o acceso á rede de banda larga.

Segundo a Lei 9/2014 xeral de telecomunicacións no Título III recóllense as obrigas de servizo público e dereitos e obrigas de carácter público na explotación de redes e na prestación de servizos de comunicacións electrónicas.

Teñen a consideración de obrigas de servizo público a garantía de existencia de servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles ao público, de calidade e en todo o territorio e entre outras a rede, servizo telefónico, puntos de acceso telefónico, guías de teléfono de abonadas, acceso ao teléfono, guía de abonadas e teléfono público con accesibilidade para persoas con diversidade funcional e paquetes tarifarios.

É de recibo sinalar que hoxe en día o programa de expansión rural de internet por satélite na zona rural, na que se investiron 2,4 millóns en tres anos segundo a Xunta, e que facilitaría o acceso á internet coa tecnoloxía satélite bidireccional, e que pretendía activar as TIC no rural non tivo o éxito esperado xa que ao alto custo do servizo, a través das instalacións das antenas receptoras e da limitación da recepción de sinal tivo un desenvolvemento limitado. Esta tecnoloxía por satélite coas disfuncións que implicaba ao final non permitiu que se desenvolvesen aqueles negocios ou empresas que estaban nesas zonas, nas que non era posible a chegada da rede larga, zonas de fenda dixital ou onde non é posible despregar redes a través de cable xa que non dispuñan de acceso de polo menos 2MB/ segundo; ademais a empresa Eurona Telecom establecía unha permanencia dun ano, a 50 euros mensuais, co que o custo do servizo era a



comparación caro, 600 euros anuais para unha familia no eido rural eran dabondo.

Na memoria da Valedora do Pobo correspondente ao ano 2018 recóllese a fenda dixital, e das posibilidades de reforma legislativa para atallar esta situación, nos seguintes termos:

“O servizo de telefonía móbil non ten na actual lexislación española consideración de servizo universal. Non así a telefonía fixa e a banda larga consideradas “servizo universal” en virtude do artigo 25 da Lei 9/2014 do 9 de maio Xeral de Telecomunicacións. Garantir ese servizo universal correspondía no momento de abrir a investigación ao entón Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital. A empresa Telefónica España, pola súa banda, consta como operador designado oficialmente para garantir a prestación do servizo universal de telecomunicacións.” E conclúe: *“A lexislación española (Lei 9/2014 do 9 de maio Xeral de Telecomunicacións) outorga á telefonía fixa a consideración de “servizo universal”. A tecnoloxía móbil pode ofrecer, a medio prazo, mellores solucións na prestación de servizos á cidadanía, cun menor custo en caso de incidencias. Pero non ten esa consideración, polo que, desde o Valedora do Pobo animamos ás lexisladoras para valorar a posibilidade de ampliar as garantías na prestación do servizo ás conexións móbiles. Só desta maneira se podería asegurar a chegada da cobertura de calidade a núcleos con serias dificultades para alcanzala en Galicia e ofrecer así servizos de asistencia á poboación maior residente e animar ás emprendedoras a investir en zonas despoboadas.”*

Para garantir pois, o acceso de toda a cidadanía a un servizo básico e que debería considerarse como servizo universal como é o da telefonía móbil hai que modificar a Lei de telecomunicacións, e incorporar esta como servizo universal.

A telefonía móbil acada unhas maiores cotas de cobertura, ademais permite a realización de moitas máis tarefas e servizos, e naqueles casos como a teleasistencia xa permite facelo a través dun teléfono que opera como fixo e



móbil á vez e que permite a localización da persoa titular e da realización de tarefas polo mesmo ademais das comunicacións pertinentes.

Garantir tamén o acceso á rede é a prioridade nº2 para a Unión Europea, xa que na Estratexia para o mercado único dixital de Europa, sinálase que coa creación do mercado único dixital conectado poden xerarse ate 250.000 millóns de euros de crecemento adicional en Europa. Considérase que *hai que crear as condicións axeitadas para que as redes e servizos dixitais prosperen hai que dispor de infraestruturas de alta velocidade e servizos de contidos seguros e fiables, que se apoiarán nas condicións reguladoras correctas que favorezan a innovación a inversión a competencia desleal e a igualdade de condicións.*

Tamén se sinala que *hai que aproveitar o potencial de crecemento da economía dixital europea, con unha maior inversión nas infraestruturas TIC, e tecnoloxías como a nube, e datos masivos e a investigación e innovación para o impulso da competitividade industrial, así como a mellora dos servizos públicos, a inclusividade e as cualificacións.*

Este mercado dixital único vai dar novas oportunidades a empresas e emprendedoras, que precisan de medidas para eliminar os obstáculos fronteirizos como as diferencias en materia contractual e propiedade intelectual entre Estados membros e redución de cargas de IVE. Así por exemplo, sinálase que as persoas consumidoras poderían aforrar 11.700 millóns de euros anuais en facer compras en liña na UE, e non o fan por desconfianza. As empresas pásalles o mesmo, só o 7% das PEME da UE fan vendas transfronteirizas. Por todo isto, que tamén sucede a nivel do noso país é importante mellorar as ferramentas TIC e avanzar tamén na igualdade das persoas a través delas, para mellorar o conxunto da cidadanía.

Así, o Parlamento de Galicia propón, para o seu debate nas Cortes Xerais, a seguinte **Proposición de lei**:



Único-. Modificación da Lei 9/2014, do 9 de maio, xeral de Telecomunicacións.

Un. Dáse unha nova redacción ao apartado a) do artigo 25.1 co seguinte contido:

“ a) Todas as usuarias finais poidan obter unha conexión á rede pública de comunicacións electrónicas desde unha localización fixa ou terminal móbil sempre que as súas solicitudes se consideren razoables nos termos que mediante real decreto se determinen e que, incluírán, entre outros factores, o custo da súa provisión.”

Dous. Dáse unha nova redacción ao apartado 3 do artigo 26 co seguinte contido:

“ 3. Cando o operador designado para a prestación do servizo universal se propoña entregar unha parte ou a totalidade dos seus activos de rede de acceso local a unha persoa xurídica separada de distinta propiedade, informará coa debida antelación ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo a fin de avaliar as repercusións da operación prevista na subministración de acceso desde unha localización fixa ou terminal móbil e a prestación de servizos telefónicos, de conformidade co artigo 25. O Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, como consecuencia da avaliación realizada, poderá impoñer, modificar ou suprimir obrigacións ao operador designado.”

Disposición derradeira.

Esta lei entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial do Estado.



Disposición derogatoria única.

Quedan derogadas todas aquelas disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto nesta lei.

ANTECEDENTES:

Constitución española.

Lei 9/2014 de 9 de maio xeral de telecomunicacións, artigo 25 e 26.

Real Decreto 123/2017, de 24 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento sobre o uso do dominio público radioelétrico.

Lei 34/2002, de 11 de xullo, de servicios da sociedade da información e de comercio electrónico.

Real Decreto 2296/2004, de 10 de decembre, polo que se aproba o Regulamento sobre mercados de comunicacións electrónicas, acceso ás redes e numeración.

Lei 56/2007 de Medidas de Impulso da Sociedade da Información.

Regulamento Europeo 2016/679 de Protección de datos.

Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais.

Estatuto de Autonomía de Galicia.

Lei 3/2013, do 20 de maio, de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia.

Decreto 150/2014, do 27 de novembro, polo que se regulan as infraestruturas de soporte e os espazos de reserva para o despregamento de redes de comunicacións electrónicas en estradas promovidas pola Administración xeral da Comunidade



Autónoma de Galicia e as entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico.

Decreto 11/2016, do 28 de xaneiro, polo que se regula a incorporación das infraestruturas de telecomunicacións nos edificios da Administración xeral e das entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia e a súa integración na rede corporativa da Xunta de Galicia.

Orde do 19 de setembro de 2016 pola que se aproba a Guía de especificacións das infraestruturas de telecomunicacións na Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia.

Decreto 77/2018, do 26 de xullo, polo que se regulan as infraestruturas de soporte e os espazos de reserva para o despregamento de redes de comunicacións electrónicas en áreas empresariais promovidas polas administracións públicas de Galicia.

Santiago de Compostela, a 17 de decembro de 2019.

Asinado: Luís Villares Naveira

Voceiro do Grupo Parlamentario Mixto.



Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 17/12/2019 18:12:27





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 41777**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luís Manuel Álvarez Martínez e dona María Luísa Pierres López, sobre **“o estado actual da actuación denominada “Variante da Fonsagrada”, prevista no Plan MOVE 2009-2015, a valoración da Xunta de Galicia en relación co cumprimento do prazo establecido para o seu remate e as súas intencións respecto do mantemento do investimento inicialmente previsto para a súa execución”**, (publicada no BOPG número 405 do 3 de xaneiro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“Cómpre, en primeiro lugar, poñer en contexto as cuestións que se formulan na iniciativa: coas especiais circunstancias económicas vividas neses anos e as hipotecas en concesións deixadas polo anterior Goberno autonómico; unhas circunstancias que obrigaron a priorizar e a centrar os investimentos en atender os servizos públicos básicos esenciais. Desde o Goberno galego fíxose un especial esforzo por lograr unha maior eficiencia dos investimentos, dentro das dispoñibilidades orzamentarias. No eido concreto das infraestruturas, apostouse por avanzar facendo viable a súa execución, por fases e vía orzamentaria, a medida que se poidan pagar.

Con todo, nese contexto de crise económica e de fortes restricións orzamentarias, o actual Goberno galego logrou incrementar en máis dun 70 por cento os quilómetros de vías de altas prestacións libres de peaxe desde 2009, o que permite que 8 de cada 10 galegos vivan hoxe a menos de 15 minutos dunha vía de altas prestacións.

Nestes momentos, a Xunta continúa a traballar no desenvolvemento de novas infraestruturas viarias de competencia autonómica ou na mellora das xa existentes, actuando con responsabilidade e priorizando aquelas actuacións que se consideran máis necesarias,



atendendo a criterios de rendibilidade social e seguridade viaria, a través dunha planificación que as faga viables, avanzando nas actuacións por fases que faciliten a súa construción e pagándoas con cargo aos orzamentos, en función das dispoñibilidades orzamentarias, facendo o que se pode pagar”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE*)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/12/2019 13:50:42
Nº Rexistro: 60075
Data envío: 16/12/2019 13:50:42.847

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/12/2019 13:50:39

CSV: BOPGDSPGCEcQJNPIC3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 41778**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luís Manuel Álvarez Martínez e dona María Luísa Pierres López, sobre **“o estado actual da actuación denominada “Conexión do Porto Seco de Monforte coa estrada LU-546”, prevista no Plan MOVE 2009-2015, a valoración da Xunta de Galicia en relación co cumprimento do prazo establecido para o seu remate e as súas intencións respecto do mantemento do investimento inicialmente previsto para a súa execución”**, (publicada no BOPG número 405 do 3 de xaneiro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“Cómpre, en primeiro lugar, poñer en contexto as cuestións que se formulan na iniciativa: coas especiais circunstancias económicas vividas neses anos e as hipotecas en concesións deixadas polo anterior Goberno autonómico; unhas circunstancias que obrigaron a priorizar e a centrar os investimentos en atender os servizos públicos básicos esenciais. Desde o Goberno galego fíxose un especial esforzo por lograr unha maior eficiencia dos investimentos, dentro das dispoñibilidades orzamentarias. No eido concreto das infraestruturas, apostouse por avanzar facendo viable a súa execución, por fases e vía orzamentaria, a medida que se poidan pagar.

Con todo, nese contexto de crise económica e de fortes restricións orzamentarias, o actual Goberno galego logrou incrementar en máis dun 70 por cento os quilómetros de vías de altas prestacións libres de peaxe desde 2009, o que permite que 8 de cada 10 galegos vivan hoxe a menos de 15 minutos dunha vía de altas prestacións.

Nestes momentos, a Xunta continúa a traballar no desenvolvemento de novas infraestruturas viarias de competencia autonómica ou na mellora das xa existentes, actuando con responsabilidade e priorizando aquelas actuacións que se consideran máis necesarias, atendendo a criterios de rendibilidade social e seguridade viaria, a través dunha planificación que as faga viables, avanzando nas actuacións por fases que faciliten a súa construción e pagándoas con cargo aos orzamentos, en función das dispoñibilidades orzamentarias, facendo o que se pode pagar.

Isto foi o que se fixo tamén en relación coas conexións viarias do Porto Seco coas estradas LU-933 e N-120, acordándose o seu desenvolvemento por fases. A primeira delas, a conexión do



Porto Seco coa LU-933, de case un quilómetro, xa en servizo desde finais de 2015.

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 56375**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Luís Manuel Álvarez Martínez e dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre **“o estado actual das actuación denominada Variante da Silva prevista no Programa de vías de altas prestacións cun investimento de 5.700.000 euros e un horizonte temporal no ano 2020, a valoración da Xunta de Galicia en relación co cumprimento do prazo establecido para o seu remate e as súas intencións respecto do mantemento do investimento inicialmente previsto para a súa execución”**, (publicada no BOPG número 541 do 3 de outubro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

Cómpre, en primeiro lugar, poñer en contexto as cuestións que se formulan na iniciativa: coas especiais circunstancias económicas vividas neses anos e as hipotecas en concesións deixadas polo anterior Goberno autonómico; unhas circunstancias que obrigaron a priorizar e a centrar os investimentos en atender os servizos públicos básicos esenciais. Desde o Goberno galego fíxose un especial esforzo por lograr unha maior eficiencia dos investimentos, dentro das dispoñibilidades orzamentarias. No eido concreto das infraestruturas, apostouse por avanzar facendo viable a súa execución, por fases e vía orzamentaria, a medida que se poidan pagar.

Con todo, nese contexto de crise económica e de fortes restricións orzamentarias, o actual Goberno galego logrou incrementar en máis dun 70 por cento os quilómetros de vías de altas prestacións libres de peaxe desde 2009, o que permite que 8 de cada 10 galegos vivan hoxe a menos de 15 minutos dunha vía de altas prestacións.

Nestes momentos, a Xunta continúa a traballar no desenvolvemento de novas infraestruturas viarias de competencia autonómica ou na mellora das xa existentes, actuando con



responsabilidade e priorizando aquelas actuacións que se consideran máis necesarias, atendendo a criterios de rendibilidade social e seguridade viaria, a través dunha planificación que as faga viables, avanzando nas actuacións por fases que faciliten a súa construción e pagándoas con cargo aos orzamentos, en función das dispoñibilidades orzamentarias, facendo o que se pode pagar.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/12/2019 13:49:43
Nº Rexistro: 60070
Data envío: 16/12/2019 13:49:43.768

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/12/2019 13:49:41

CSV: BOPGDSPGCEcQJNPIC3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 56724**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luís Manuel Álvarez Martínez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o estado actual das actuación denominada Variante da Fonsagrada prevista no Programa de vías de altas prestacións cun investimento de 10.675.000 euros e un horizonte temporal no ano 2020, a valoración da Xunta de Galicia en relación co cumprimento do prazo establecido para o seu remate e as súas intencións respecto do mantemento do investimento inicialmente previsto para a súa execución”**, (publicada no BOPG número 544 do 9 de outubro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“Cómpre, en primeiro lugar, poñer en contexto as cuestións que se formulan na iniciativa: coas especiais circunstancias económicas vividas neses anos e as hipotecas en concesións deixadas polo anterior Goberno autonómico; unhas circunstancias que obrigaron a priorizar e a centrar os investimentos en atender os servizos públicos básicos esenciais. Desde o Goberno galego fíxose un especial esforzo por lograr unha maior eficiencia dos investimentos, dentro das dispoñibilidades orzamentarias. No eido concreto das infraestruturas, apostouse por avanzar facendo viable a súa execución, por fases e vía orzamentaria, a medida que se poidan pagar.

Con todo, nese contexto de crise económica e de fortes restricións orzamentarias, o actual Goberno galego logrou incrementar en máis dun 70 por cento os quilómetros de vías de altas prestacións libres de peaxe desde 2009, o que permite que 8 de cada 10 galegos vivan hoxe a menos de 15 minutos dunha vía de altas prestacións.

Nestes momentos, a Xunta continúa a traballar no desenvolvemento de novas infraestruturas viarias de competencia autonómica ou na mellora das xa existentes, actuando con responsabilidade e priorizando aquelas actuacións que se consideran máis necesarias,



atendendo a criterios de rendibilidade social e seguridade viaria, a través dunha planificación que as faga viables, avanzando nas actuacións por fases que faciliten a súa construción e pagándoas con cargo aos orzamentos, en función das dispoñibilidades orzamentarias, facendo o que se pode pagar”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE*)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/12/2019 13:49:37
Nº Rexistro: 60069
Data envío: 16/12/2019 13:49:37.081

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/12/2019 13:49:34

CSV: BOPGDSPGCEcQJNPIC3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita número: **56725**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luís Manuel Álvarez Martínez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o estado actual das actuación denominada Conexión do Porto Seco de Monforte coa estrada LU-546 prevista no Programa de vías de altas prestacións cun investimento de 8.845.000 euros e un horizonte temporal no ano 2015, a valoración da Xunta de Galicia en relación co cumprimento do prazo establecido para o seu remate e as súas intencións respecto do mantemento do investimento inicialmente previsto para a súa execución”**, (publicada no BOPG número 544 do 9 de outubro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“Cómpre, en primeiro lugar, poñer en contexto as cuestións que se formulan na iniciativa: coas especiais circunstancias económicas vividas neses anos e as hipotecas en concesións deixadas polo anterior Goberno autonómico; unhas circunstancias que obrigaron a priorizar e a centrar os investimentos en atender os servizos públicos básicos esenciais. Desde o Goberno galego fíxose un especial esforzo por lograr unha maior eficiencia dos investimentos, dentro das dispoñibilidades orzamentarias. No eido concreto das infraestruturas, apostouse por avanzar facendo viable a súa execución, por fases e vía orzamentaria, a medida que se poidan pagar.

Con todo, nese contexto de crise económica e de fortes restricións orzamentarias, o actual Goberno galego logrou incrementar en máis dun 70 por cento os quilómetros de vías de altas prestacións libres de peaxe desde 2009, o que permite que 8 de cada 10 galegos vivan hoxe a menos de 15 minutos dunha vía de altas prestacións.

Nestes momentos, a Xunta continúa a traballar no desenvolvemento de novas infraestruturas viarias de competencia autonómica ou na mellora das xa existentes, actuando con responsabilidade e priorizando aquelas actuacións que se consideran máis necesarias, atendendo a criterios de rendibilidade social e seguridade viaria, a través dunha planificación que as faga viables, avanzando nas actuacións por fases que faciliten a súa construción e pagándoas con cargo aos orzamentos, en función das dispoñibilidades orzamentarias, facendo o que se pode pagar.

Isto foi o que se fixo tamén en relación coas conexións viarias do Porto Seco coas estradas LU-



933 e N-120, acordándose o seu desenvolvemento por fases. A primeira delas, a conexión do Porto Seco coa LU-933, de case un quilómetro, xa en servizo desde finais de 2015.

A segunda fase, entre a LU-933 e a N-120 abrangue un treito duns 1.100 metros de lonxitude. Nese treito a solución aprobada inicialmente pola Xunta de Galicia resultou incompatible coa seleccionada polo Ministerio de Fomento no estudo informativo da Autovía A-76. Por esta razón, acordouse a redacción dun novo proxecto de trazado e impacto ambiental que definise unha solución compatible coa A-76. Ademais, mantivéronse diversos contactos coa Demarcación de Carreteras del Estado en Galicia co fin de fixar os criterios para que a dita solución fose autorizable. A solución adoptada pasa por substituír o enlace coa N-120, previsto nun principio, por unha intersección a nivel. É importante destacar que o trazado salvará a canle de regadío do Val de Lemos. Esa nova conexión permitirá absorber o tráfico xerado pola área loxística e de intercambio de mercadorías do Porto Seco e constituirá a súa principal vía de unión coa meseta e o sur de Galicia, ao tempo que evitará o paso de vehículos, sobre todo de tráfico pesado, polo núcleo urbano de Monforte de Lemos.

Con todo, despois de todo o traballo feito pola Xunta nos últimos anos vemos, recentemente, como desde o Ministerio de Fomento, concretamente desde o ADIF, se están a poñer obstáculos para a conexión entre o Porto Seco e a N-120, pedíndolle á Administración autonómica que suprima un paso a nivel sen barreiras existente, cando isto non é competencia da Xunta e ademais suporía ter que reformular o proxecto de conexión do Porto Seco coa N-120, o que implicaría un incremento de custos e novos retrasos na execución da infraestrutura. Unha infraestrutura para a que os Orzamentos da Xunta de 2020 reservan unha partida de 750.000 €”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/12/2019 13:26:48
Nº Rexistro: 60142
Data envío: 17/12/2019 13:26:48.700

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 17/12/2019 13:26:44

CSV: BOPGDSPGCEcQJNPIC3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mm

En relación coa pregunta con resposta escrita: **57743**, formulada polo Grupo Parlamentario do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de don Luís Manuel Álvarez Martínez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o estado actual da actuación denominada VAP Plisán-Portugal (nova ponte internacional), prevista no Programa de vías de altas prestacións cun investimento de 15.981.000 euros e un horizonte temporal no ano 2020, a valoración da Xunta de Galicia en relación co cumprimento do prazo establecido para o seu remate, e as súas intencións respecto do mantemento do investimento inicialmente previsto para a execución desta”**, (publicada no BOPG número 553 do 24 de outubro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade** que ten o seguinte contido:

“Cómpre, en primeiro lugar, poñer en contexto as cuestións que se formulan na iniciativa: coas especiais circunstancias económicas vividas neses anos e as hipotecas en concesións deixadas polo anterior Goberno autonómico; unhas circunstancias que obrigaron a priorizar e a centrar os investimentos en atender os servizos públicos básicos esenciais. Desde o Goberno galego fíxose un especial esforzo por lograr unha maior eficiencia dos investimentos, dentro das dispoñibilidades orzamentarias. No eido concreto das infraestruturas, apostouse por avanzar facendo viable a súa execución, por fases e vía orzamentaria, a medida que se poidan pagar.

Con todo, nese contexto de crise económica e de fortes restricións orzamentarias, o actual Goberno galego logrou incrementar en máis dun 70 por cento os quilómetros de vías de altas prestacións libres de peaxe desde 2009, o que permite que 8 de cada 10 galegos vivan hoxe a menos de 15 minutos dunha vía de altas prestacións.

Nestes momentos, a Xunta continúa a traballar no desenvolvemento de novas infraestruturas viarias de competencia autonómica ou na mellora das xa existentes, actuando con responsabilidade e priorizando aquelas actuacións que se consideran máis necesarias, atendendo a criterios de rendibilidade social e seguridade viaria, a través dunha planificación que as faga viables, avanzando



nas actuacións por fases que faciliten a súa construción e pagándoas con cargo aos orzamentos, en función das disponibilidades orzamentarias, facendo o que se pode pagar.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/12/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 60158
Data envío: 17/12/2019 14:55:28.633

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 17/12/2019 14:55:25

CSV: BOPGDSPGCEcQJNPIC3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 58029**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Luísa Pierres López, don Luís Manuel Álvarez Martínez e dona Patricia Vilán Lorenzo, sobre **“o número total de vivendas de protección pública executadas, cualificadas definitivamente e postas a disposición do Rexistro Único de Demandantes de Vivenda de Galicia durante os anos 2016, 2017, 2018 e o primeiro semestre de 2019 en cada concello de Galicia, así como a opinión do Goberno galego respecto da cobertura da demanda existente co nivel de execución acadado”**, (publicada no BOPG número 556 do 31 de outubro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

Esta mesma cuestión foi contestada na sesión da Comisión 2ª do pasado 12 de decembro de 2019 polo director xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo, en resposta á pregunta oral 58028.

Na súa intervención, o director xeral respondeu ás cuestións expostas sobre o número total de vivendas de protección pública executadas, cualificadas definitivamente e postas a disposición do Rexistro Único de Demandantes de Vivenda de Galicia durante os anos 2016, 2017, 2018 e o primeiro semestre de 2019 en cada concello de Galicia, así como a opinión do Goberno galego respecto da cobertura demandada existente co nivel de execución acadado.

O enlace ao vídeo da Comisión 2ª celebrada o pasado 12 de decembro de 2019 é o seguinte:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2-ordenacion-territorial-obras-publicas-medio-ambiente-servizos-2019-12-12>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/12/2019 13:49:28
Nº Rexistro: 60068
Data envío: 16/12/2019 13:49:28.081

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/12/2019 13:49:25

CSV: BOPGDSPGCEcQJNPIC3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



RS/mm

En relación coa pregunta con resposta escrita: **58512**, formulada polo Grupo Parlamentario do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de don Luís Manuel Álvarez Martínez e dona María Luisa Pierres López, sobre **“as demoras que se están a producir na tramitación da documentación necesaria para a substitución dun vehículo adscrito a unha licenza de taxi, a posible existencia dalgún problema na plataforma informática utilizada para ese fin e a realización polo Goberno galego dalgunha avaliación da implementación do procedemento coordinado previsto para ese fin no Decreto 103/2018, desde a súa publicación”**, (publicada no BOPG número 560 do 13 de novembro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade** que ten o seguinte contido:

“A través do Decreto 103/2018, do 13 de setembro, definiuse un procedemento coordinado que busca facilitar aos taxistas a realización de diferentes procedementos que afectan ao exercicio da súa actividade a través da presentación dunha única solicitude e a través dun único procedemento. Desta forma, coordínanse as actuacións que corresponde desenvolver aos Concellos e á Xunta de Galicia nas súas respectivas competencias sobre os títulos habilitantes para o exercicio das actividades de taxi de ámbito urbano e de carácter interurbano, que respectivamente lles corresponden.

Ata a publicación desta norma, a tramitación de solicitudes como a referente á substitución de vehículos eran obxecto de dous procedementos independentes, que podían mesmo dar lugar a resolucións contraditorias. O procedemento coordinado que establecen as normas citadas deulle unha solución a esta problemática sen afectar á propia autonomía das entidades locais nin, evidentemente, ás obrigas da Xunta de Galicia en canto ao ámbito supramunicipal.

No tempo transcorrido desde a implantación efectiva deste procedemento, apréciase un funcionamento axeitado. Segundo os datos dispoñibles, durante o presente ano e ata o mes de novembro a tramitación das solicitudes, por parte da Xunta de Galicia, sitúase nunha media de oito días naturais para a emisión do informe vinculante previsto na norma, e de seis días naturais para a resolución definitiva.”



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/12/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 60157
Data envío: 17/12/2019 14:55:15.993

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 17/12/2019 14:54:52

CSV: BOPGDSPGCEcQJNPIC3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



RS/mm

En relación coa pregunta con resposta escrita: **58823**, formulada polo Grupo Parlamentario do Grupo Común da Esquerda a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“as listas de espera existentes nos servizos de pediatría dos hospitais de Ourense, Verín e O Barco e as medidas previstas polo Goberno galego para garantir unha atención pediátrica de calidade na provincia de Ourense”**, (publicada no BOPG número 564 do 19 de novembro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade** que ten o seguinte contido:

“Remitímonos á resposta facilitada polo Conselleiro de Sanidade á interpelación nº 58810, que tivo lugar no Pleno do 3 de decembro de 2019.

Pode consultarse tal intervención no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-2019-12-04?part=544d6e65-c1a9-49dd-8bed-e14fecb7525f&start=9058> “.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/12/2019 13:26:41
Nº Rexistro: 60141
Data envío: 17/12/2019 13:26:41.059

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 17/12/2019 13:26:37

CSV: BOPGDSPGCEcQJNPIC3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 59113**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Otero Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os prazos que está a manexar a Xunta de Galicia para a construción da nova depuradora de augas residuais de Burela, e a súa opinión respecto da existencia con eles dalgún risco de perda dos fondos europeos previstos para ese fin”**, (publicada no BOPG número 569 do 27 de novembro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“O saneamento e a depuración son competencias municipais, así se establece na normativa básica en materia de réxime local: os servizos de abastecemento, sumidoiros e depuración de auga urbana son servizos públicos obrigatorios esenciais reservados a favor das entidades locais.

De conformidade coa normativa básica en materia de réxime local, Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, así como a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, e coa normativa sectorial en materia de augas, a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, os concellos teñen a competencia exclusiva en materia de abastecemento e saneamento dos seus sistemas municipais.

Desde a Administración hidráulica de Galicia vense prestando apoio aos concellos nesa materia de competencia municipal, axudándoos técnica e financeiramente a desenvolver de xeito máis eficaz e eficiente esas competencias que teñen reservadas.

Neste sentido, a Xunta está a colaborar co Concello de Burela na mellora do seu sistema de depuración para que o concello poida dispoñer dunha depuradora adaptada ao cumprimento da Directiva 91/271/CEE, de tratamento das augas residuais urbanas e demais normativa vixente no marco do período operativo actualmente vixente.



Desde Augas de Galicia trabállase para avanzar ao maior ritmo posible nas actuacións comprometidas, que pode verse condicionado pola complexidade da tramitación necesaria ou por cuestións alleas á propia entidade, como o tempo na resolución dos informes oportunos por parte doutros organismos e administracións implicadas.

Cómpre lembrar, por último, que os Orzamentos da Xunta de 2020 recollen unha partida de 250.000 euros para a mellora do saneamento de Burela”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/12/2019 13:26:33
Nº Rexistro: 60140
Data envío: 17/12/2019 13:26:33.637

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 17/12/2019 13:26:31

CSV: BOPGDSPGCEcQJNPIC3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



RS/mm

En relación coa pregunta con resposta escrita: **59258**, formulada polo Grupo Parlamentario do Grupo Común da Esquerda a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“a opinión do Goberno galego referida á calidade da asistencia sanitaria que se está a prestar na unidade de medicina interna do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, as razóns do incumprimento das ratios recomendadas e do mantemento dunha precariedade estrutural na contratación do Sergas, así como as súas previsións respecto da dotación á esa unidade dos recursos humanos e materiais demandados polo persoal”**, (publicada no BOPG número 569 do 27 de novembro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade** que ten o seguinte contido:

“O Servizo de Medicina Interna do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense no que a hospitalización respecta dispón de 4 unidades de hospitalización, situadas todas elas no novo edificio posto en funcionamento en 2017.

Este edificio dispón de todas as vantaxes dunha instalación nova, tanto no que respecta a pacientes como a traballadores, permitindo unhas condicións de traballo e unhas condicións de confortabilidade comparables ás dos mellores hospitais do Estado, e garantindo deste xeito unha atención sanitaria efectiva, segura e de calidade.

Respecto á dotación de persoal, a unidade de medicina interna conta co necesario. De feito, a unidade de Ourense atópase nos ratios máis altos de persoal de enfermería e de TCAE nos servizos de medicina interna de todo o Sergas.

En calquera caso, se puntualmente é preciso un reforzo de persoal por una circunstancia especial (pola estacionalidade ou por un incremento da complexidade) estase a facer.”



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:






PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/12/2019 13:26:26
Nº Rexistro: 60139
Data envío: 17/12/2019 13:26:26.841

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 17/12/2019 13:26:24

CSV: BOPGDSPGCEcQJNPIC3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Consello de Contas
de Galicia



Remítolle o Plan Anual de Traballo do Consello de Contas de Galicia para o ano 2020, aprobado de acordo co previsto no artigo 7.3 m) da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, polo Pleno da Institución na súa sesión do 19 de decembro de 2019.

Santiago de Compostela

JOSÉ	Firmado
ANTONIO	digitalmente por
REDONDO	JOSÉ ANTONIO
LÓPEZ -	REDONDO LÓPEZ
33806507A	- 33806507A
	Fecha: 2019.12.20
	12:25:41 +01'00'




José Antonio Redondo López

Conselleiro maior

Sr. Presidente do Parlamento de Galicia



Consello de Contas
de Galicia



Remítolle o Plan Anual de Traballo do Consello de Contas de Galicia para o ano 2020, aprobado de acordo co previsto no artigo 7.3 m) da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, polo Pleno da Institución na súa sesión do 19 de decembro de 2019.

Santiago de Compostela

JOSÉ	Firmado
ANTONIO	digitalmente por
REDONDO	JOSÉ ANTONIO
LÓPEZ -	REDONDO LÓPEZ
33806507A	- 33806507A
	Fecha: 2019.12.20
	12:25:41 +01'00'

José Antonio Redondo López

Conselleiro maior

Sr. Presidente do Parlamento de Galicia



Consello de Contas
de Galicia



PLAN ANUAL DE TRABAJO EXERCICIO 2020





CSV: BOPGDSPGCEcQJNPIC3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

ÍNDICE

I. INTRODUCCIÓN	3
II. PROGRAMA DE FISCALIZACIÓNS	5
II.1. OBXECTIVOS	5
II.2. ACTUACIÓNS PROGRAMADAS	5
II.3. PROPOSTA DE ACTUACIÓNS POR ÁREAS	9
II.3.1. ÁREA DE COORDINACIÓN XERAL.....	9
II.3.2. ÁREA DE CONTA XERAL.....	11
II.3.3. ÁREA DO SERGAS	12
II.3.4. ÁREA DE INSTITUCIONAL	13
II.3.5. ÁREA DE CORPORACIÓNS LOCAIS	14
III. PROGRAMA DE ACTIVIDADES DE PREVENCIÓN DA CORRUPCIÓN	20
III.1. ACTUACIÓNS PROGRAMADAS	20
III.2. PROPOSTAS DE ACTUACIÓN	22
IV. OUTRAS ACTUACIÓNS.....	26
V. RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS	26





CSV: BOPGDSPGCEcQJNPIC3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



I. INTRODUCCIÓN

O Consello de Contas, dependente do Parlamento de Galicia, é o órgano competente para a fiscalización externa da xestión económica, financeira e contable do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia, así como para o asesoramento ao Parlamento de Galicia en materia económico-financiera e para exercer a función de prevención da corrupción no ámbito da actividade económico-financiera do sector público da Comunidade Autónoma.

Así mesmo a Institución ten atribuídas as seguintes competencias en materia de prevención da corrupción: a) A colaboración coas Administracións suxeitas ao seu ámbito de actuación e facerlles propostas na elaboración de manuais de xestión de riscos; b) A comprobación dos sistemas de prevención da corrupción que se poñan en marcha; c) O asesoramento sobre os instrumentos normativos máis adecuados para previr e reprimir a corrupción; d) O fomento na sociedade civil e, particularmente, no ámbito empresarial da transparencia e do comportamento ético nas súas relacións co sector público.

Conforme ao establecido no artigo 7.3 m) e 10.2 bis da Lei 6/1985, do Consello de Contas, o Pleno da Institución aproba un plan anual de traballo no que se integra o programa de actividades elaborado pola Sección de Prevención da Corrupción. O Regulamento de réxime interior establece nos artigos 25 e 26 que durante o último trimestre do ano, o Consello de Contas elaborará o plan anual de traballo, que conterá as actuacións a desenvolver no exercicio seguinte, indicando as razóns que motivan a súa realización e o seu ámbito subxectivo, obxectivo e temporal, e no que se integrará o programa de actividades da Sección de Prevención da Corrupción, e que dito plan anual se enmarcará nun plan estratéxico a medio prazo.

O dito plan estratéxico foi aprobado en 2018 cun período de vixencia que comprende os exercicios 2019 – 2022 e que se articula ao redor de catro eixos que responden ao compromiso da Institución de contribuír á mellora da calidade da actividade económico-financiera pública e ao bo goberno.

Eixo 1: Fiscalización da actividade económico-financiera do sector público de Galicia.

Eixo 2: Prevención da corrupción.

Eixo 3: Bo goberno e organización interna.

Eixo 4: Fortalecemento das relacións co Parlamento, a sociedade galega e cooperación con outras entidades.

No presente plan de actividade para o exercicio 2020 mantéñense liñas básicas de traballo seguidas nos últimos exercicios que, completadas con outras, pretenden dar resposta ás orientacións que marca o plan estratéxico.



Desta forma sinálanse os seguintes obxectivos do plan:

- Refórzase o control do sector público autonómico e local, con fiscalizacións tanto específicas como horizontais, dando prioridade a aquelas áreas que impliquen maior risco e avanzando nas fiscalizacións de control interno e nas operativas.
- No sector público autonómico continúaase co proceso de integrar os resultados da fiscalización do conxunto deste sector co obxecto de dotar de maior valor e visibilidade á declaración definitiva da xestión do sector público.
- Respecto do control do sector público local realízase a explotación da información contractual do sector público local, e do control interno da entidade local, sen deixar de atender as fiscalizacións horizontais.
- Prográmase a fiscalización das subvencións percibidas polas formacións políticas con representación no Parlamento de Galicia.
- Desenvólvense fiscalizacións específicas naquelas entidades nas que se aprecian indicios de que os controis internos son insuficientes, resultado da información da análise das súas contas. Así mesmo, tómanse en consideración as comunicacións ou denuncias presentadas no Consello.
- Intensifícase o proceso de seguimento das recomendacións e do seu grao de cumprimento.
- Outórgase especial consideración ás recomendacións do Parlamento que se incorporan na programación de actuacións e se programan actuacións en colaboración co Tribunal de Contas.
- En materia de prevención da corrupción prográmanse actuacións destinadas a colaborar na implantación no sector público de sistemas de control que permitan garantir o comportamento ético dos xestores públicos, e a fomentar a conciencia e a participación cidadá a favor da transparencia e dese comportamento ético.

Estes obxectivos desenvólvense mediante unha sistemática de traballo que se fundamenta en:

- Dotar e garantir a máxima calidade dos traballos de fiscalización mediante a adecuada aplicación de manuais e guías técnicas.
- Procurar o achegamento temporal da actividade de control ao momento no que se producen os feitos suxeitos para fiscalizar mediante a redución dos prazos de execución.
- Fomentar a profesionalización do persoal da Institución mediante a mellora continua da súa cualificación profesional, en función das necesidades que teñen tanto as áreas nas que se estrutura o Consello como cada un dos postos de traballo.
- Apostar firmemente pola utilización xeneralizada das tecnoloxías da información e comunicación, e polo impulso do emprego de ferramentas informáticas nos traballos de fiscalización e





prevención da corrupción, co fin de gañar en eficiencia e produtividade nos traballos desenvolvidos.

II. PROGRAMA DE FISCALIZACIÓNS

II.1. OBXECTIVOS

O programa de fiscalizacións para o ano 2020, enmarcado nas liñas programáticas definidas no punto anterior, ten como prioridade, unha vez máis, a selección de áreas de risco especialmente relevantes na xestión económico-financeira do sector público, que completen ademais a análise efectuada nos informes de Conta Xeral.

Ademais, o Consello intensificará o seguimento das recomendacións da Institución sobre a xestión económico-financeira pública incluídas nos informes de fiscalización, así como das resolucións sobre os ditos informes efectuadas polo Parlamento de Galicia. Este seguimento realizarase sobre tódolos informes de fiscalización a partir da información que se recabe dos contadantes, e completarse con outros informes de fiscalización específica de recomendacións. O seguimento das recomendacións verificarase, ademais, no ámbito da Administración autonómica no seo da Comisión Mixta Consello de Contas-Intervención Xeral, e complementase coa información de carácter estatístico que se incorpora á memoria anual de actividades.

Con carácter transversal, tamén se incorporará á actividade de control a verificación do cumprimento dos principios de transparencia establecidos pola normativa de transparencia e bo goberno e das prescricións que establece a Lei orgánica para a igualdade efectiva de mulleres e homes, que se incorporará a tódolos informes de fiscalización.

De forma complementaria ás actuacións en materia de prevención, considerarase na planificación dos traballos de fiscalización a inclusión da avaliación do control interno orientado aos sistemas de prevención, cuxos resultados se incorporarán aos informes.

Nos diferentes traballos de fiscalización, na medida en que os ámbitos de actuación definidos o permitan, atenderanse os acordos do Pleno relativos á toma en consideración das comunicacións ou denuncias de persoas físicas ou xurídicas presentadas no Consello.

II.2. ACTUACIÓNS PROGRAMADAS

O Plan anual distingue entre as fiscalizacións que se realizan en cumprimento dun mandato legal, as solicitadas polo Parlamento, as previstas en colaboración co Tribunal de Contas, e as programadas por iniciativa do Consello de Contas. Coa finalidade de visualizar e dispoñer dunha mellor



Plan anual de Traballo 2020

información sobre o desenvolvemento das actuacións durante el exercicio 2020, e tendo en conta que o proceso de execución das fiscalizacións previstas no plan de traballo realízase ao longo de varios exercicios, preséntase a programación correspondente ao ano natural, na que se incorporan os informes en execución correspondentes a un plan anterior.

Cadro 1. Actuacións de fiscalización programadas

Código de actuación	Iniciativa da actuación fiscalizadora	Programa	Ano previsto de aprobación	
			2020	2021
	<i>Fiscalizacións que se realizan en cumprimento dun mandato legal</i>			
1612020-01	Conta Xeral da Comunidade Autónoma, exercicio 2018	2020	✓	
1642020-01	Conta Xeral do Servizo Galego de Saúde, exercicio 2018	2020	✓	
1502020-01	Fondos de Compensación Interterritorial, exercicio 2018	2020	✓	
1502020-03	Informe de fiscalización das contabilidades electorais. Eleccións ao Parlamento de Galicia 2020.	2020		✓
1622020-01	Informe sobre a rendición das Contas Xerais das entidades locais, exercicio 2018	2020	✓	
1622020-02	Informe da Conta Xeral das entidades locais, exercicio 2018	2020	✓	
	<i>Fiscalizacións que se realizan atendendo as recomendacións do Parlamento</i>			
1632020-01	Informe financeiro das entidades instrumentais autonómicas, exercicio 2018	2020	✓	
1502020-04	Informe de fiscalización do destino dos recursos empregados no proxecto <i>Life</i> Rexenera Limia, exercicio 2020	2020		✓
1632018-03	Fiscalización sobre a existencia e cumprimento de cláusulas sociais na contratación pública das entidades instrumentais da Comunidade Autónoma Galega	2018	✓	
1632018-04	Fiscalización das medidas implementadas polas entidades instrumentais da Comunidade Autónoma para favorecer o acceso das pequenas e medianas empresas (PEMES) á contratación pública	2018	✓	
1622019-03	Informes de fiscalización das deputacións provinciais	2019	✓	
1622019-04	Informe de fiscalización da comisión intermunicipal para o bombeo Razamonde/San Trocado	2019	✓	
	<i>Fiscalizacións en colaboración co Tribunal de Contas</i>			
1612019-02	Informe de seguimento das recomendacións incluídas nos informes de fiscalización da dependencia. Exercicios 2008-2015	2019	✓	
1622020-07	Informe sobre o grao de implantación da administración electrónica nas entidades locais	2020		✓
	<i>Fiscalizacións programadas a iniciativa do Consello</i>			
1502020-02	Fondos procedentes da Unión Europea, exercicio 2018	2020	✓	
1502020-06	Informe de fiscalización da efectividade dos expedientes de reintegro de subvencións financiadas con fondos europeos, exercicios 2014-2020	2020		✓
1612020-04	Informe de fiscalización do programa de gasto 713E-Benestar Animal e Sanidade Vexetal, exercicios 2014-2018	2020	✓	





Código de actuación	Iniciativa da actuación fiscalizadora	Programa	Ano previsto de aprobación	
			2020	2021
1502020-05	Informe de fiscalización da xustificación das subvencións recibidas polas formacións políticas con representación no Parlamento de Galicia, exercicio 2019	2020		✓
1612018-02	Informe de fiscalización dos gastos en bens e servizos correntes na Administración xeral da Comunidade Autónoma	2018	✓	
1612017-04	Informe de fiscalización dos gastos de persoal na Administración xeral da Comunidade Autónoma	2017	✓	
1612019-03	Informe de fiscalización do programa de gasto 131A-Administración de Xustiza, exercicio 2015-2017	2017	✓	
1642019-02	Informe de fiscalización das taxas, prezos e outros ingresos patrimoniais do Sergas, exercicios 2015-2017	2019	✓	
1642018-02	Informe de fiscalización do gasto farmacéutico derivado da dispensación de receitas médicas, exercicios 2009-2017	2018	✓	
1642019-03	Informe de fiscalización da contratación dunha solución global que cubra as necesidades de realización de probas e procedementos de diagnóstico por imaxe, intervencionismo, medicina nuclear e radioterapia no Sergas	2019	✓	
1642017-02	Informe de fiscalización do contrato de concesión do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo	2017	✓	
1642020-02	Informe de fiscalización da asistencia sanitaria con medios alleos na Área sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	2020	✓	
1632019-02	Informe sobre as contas anuais das sociedades mercantís da Comunidade Autónoma	2019	✓	
1632018-02	Fiscalización dos criterios de adjudicación e da motivación das contratacións realizadas polas entidades instrumentais da Comunidade Autónoma Galega	2018	✓	
1632018-05	Avaliación e análise da situación económico-financieira-patrimonial e orzamentaria dos consellos reguladores das denominacións xeográficas do sector alimentario	2018	✓	
1632020-03	Fiscalización das universidades públicas galegas	2017	✓	
1622019-08	Fiscalización selectiva do Concello de Vigo	2019	✓	
1622019-09	Fiscalización selectiva da Deputación de Ourense	2019	✓	
1622019-10	Auditoría de xestión. Concello de Ourense	2019	✓	
1622019-14/16/17/18/19/20/21	Informes programados a consecuencia de comunicacións presentadas ao efecto. Corporacións Locais: Concello de Trazo, Concello de Curtis, ELM Bembrive, Concello Padrón, Concello San Amaro, Concello de Cangas e Concello de Verín.	2019	✓	
1502019-03	Fiscalización do impacto en termos de eficacia e eficiencia dos proxectos financiados con fondos da Unión Europea no sector enerxético de Galicia. Programa Operativo 2014-2020	2019		✓
1622020-03	Informe sobre o control interno das entidades locais, exercicio 2018	2020	✓	
1622020-04	Informe sobre os extractos dos expedientes de contratación e das relacións anuais de contratos celebrados polas entidades locais, exercicio 2018	2020	✓	
1622020-05	Informe sobre os extractos dos expedientes de convenios e das relacións anuais de convenios celebrados polas entidades locais, exercicio 2018	2020	✓	
1622020-06	Informe de seguimento das recomendacións Corporacións Locais, exercicio 2018	2020	✓	



Plan anual de Trabajo 2020

Código de actuación	Iniciativa da actuación fiscalizadora	Programa	Ano previsto de aprobación	
			2020	2021
1622020-08/09/10/11/12	Informes programados a consecuencia de comunicacións presentadas ao efecto. Corporacións Locais: Concello de Mugardos, Concello de Culleredo, Xunqueira de Ambía, Concello de Lugo e Concello de Ponteareas.	2020		✓
1622020-13	Informe de fiscalización selectiva do Concello de A Coruña	2020		✓

Reorientación de traballos e remate de actuacións do plan anterior:

- Informe de fiscalización do programa de gasto 713E-Benestar Animal e Sanidade Vexetal: O informe previsto no Plan de Trabajo para 2016 tiña como ámbito temporal o período 2014-2015, que se procede a ampliar aos exercicios 2016-2018. [1612020-04]

Non se inclúen no cadro as actuacións que figuraban en plans anteriores coa previsión de ser aprobadas no ano 2020, que teñen rematado o seu traballo de campo e se atopan na fase final de elaboración de cara á súa próxima aprobación:

- Fiscalización dos contratos de construción e xestión das autovías financiadas mediante peaxe en sombra [1632016-02]
- Informe de fiscalización da execución da contratación do Sergas, exercicios 2012-2014 [1642018-03]
- Informe de fiscalización do Plan de asistencia ao ICTUS, exercicio 2016 [1642018-04]
- Informe sobre os acordos contrarios a reparos formulados polas Intervencións locais [1622019-05]
- Informe sobre os extractos dos expedientes de contratación e das relacións anuais de contratos celebrados polas entidades locais, exercicio 2017 [1622019-06]
- Informe sobre os extractos dos expedientes de convenios e das relacións anuais de convenios celebrados polas entidades locais, exercicio 2017 [1622019-07]
- Informes programados a consecuencia de comunicacións presentadas ao efecto. Corporacións Locais: Concellos do Porriño [1622019-13] e Carballo [1622019-15].
- Informe de seguimento das recomendacións Corporacións Locais, exercicio 2017 [1622019-11]





II.3. PROPOSTA DE ACTUACIÓNS POR ÁREAS

II.3.1. ÁREA DE COORDINACIÓN XERAL

II.3.1.1. Fiscalización dos Fondos de Compensación Interterritorial, exercicio 2018 [1502020-01]

Esta fiscalización dá cumprimento á esixencia imposta pola Lei 22/2001, reguladora dos Fondos de Compensación Interterritorial (en diante FCI), que establece o deber para o Consello de Contas de Galicia de elaborar un informe separado e suficiente de todos os proxectos financiados con cargo aos FCI, para sometelo ao control do Parlamento de Galicia.

A fiscalización terá como obxectivos principais a comprobación da legalidade e a regularidade das operacións e a determinación dos índices de execución dos proxectos financiados ou cofinanciados polos FCI durante o exercicio 2018.

II.3.1.2. Fiscalización dos Fondos procedentes da Unión Europea, exercicio 2018 [1502020-02]

A fiscalización dos Fondos Estruturais, Fondo de Cohesión e os Instrumentos Financeiros, sen prexuízo das competencias que ten atribuídas o Tribunal de Contas Europeo, levarase a cabo polo Consello de Contas, xa que os seus programas de gastos e os seus recursos constitúen unha parte cuantitativa e cualitativa moi relevante dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.

O traballo desenvolverase para dar cumprimento a un dobre obxectivo: a auditoría financeira, que terá por obxecto a análise de conformidade sobre se as contas asociadas á execución dos Fondos Europeos que recibe Galicia presentan unha información completa e exacta das operacións desenvolvidas no exercicio 2018; e, por outra banda, a fiscalización de cumprimento da legalidade dos proxectos financiados con Fondos Europeos.

II.3.1.3. Fiscalización dos gastos electorais das Eleccións ao Parlamento de Galicia do ano 2020 [1502020-03]

